

Novo engano do Ministerio de Sanidade: Reclasificación profesional GRATIS!

O Ministerio propón na negociación do Estatuto Marco unha **clasificación profesional por nivel académico**, pero cando fai a equivalencia cos grupos de clasificación da función pública, **non reconece as retribucións básicas**, senón que o deixa aberto a futuras negociacións dos orzamentos do Estado, sen concretar.

Que significa isto?

Recoñecemento nun papel de A1, B, C1, C2 e E, pero **SEN INCREMENTO SALARIAL** para as categorías profesionais que cambian de grupo de clasificación.

CIG-Saúde defende:

- Unha **clasificación profesional propia**, que reconeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza.
- Coa **equivalencia que corresponda cos grupos de clasificación da función pública tamén a nivel retributivo**, ademais das subas salariais que é preciso realizar para adecuar as retribucións coa formación requirida para cada categoría profesional, a responsabilidade e a complexidade das funcións realizadas.

Tamén solicitamos que se estableza un **régime extraordinario de adaptación desde a situación actual aos novos requirimentos**, e que o novo Estatuto Marco deixe aberta a posibilidade de que unha categoría poida ter unha nova clasificación, de xeito automático, **se se modifica o nivel académico** para a titulación que é requisito de acceso para esa categoría.

CIG-Saúde apoia as concentracións convocadas polas asociacións de técnicos/as sanitarios.



Se o Ministerio continúa sen recoñecer o incremento retributivo asociado ao cambio de grupo de clasificación, non descartamos ningunha medida de presión.

A clasificación profesional non pode ser soamente no papel!!

